

TERRAS DO CARBALLIÑO

Miguel Anxo Fernández

Unha iniciativa de



co apoio de



Que mellor homenaxe a quen en tempos idos deixou letras sobre O Carballiño e as súas Terras, que escolmar parte das súas verbas e enfielas nun mosaico que ofrezca unha panorámica, entre literaria e informativa, sobre as chamadas Terras do Carballiño. Cando moitos deles fixeron a súa escrita, non asomara o concepto de guía turística, como tampouco imaxinarían nunca que rematarían formando parte delas, pese a condición *sui generis* desta guía. En todo caso, sen estes autores e sen a súa prosa, o texto aquí amañado sería outro ben diferente. Vai tamén por eles.

O xograr Pero Meogo

Non está clara a procedencia do xograr Pero Meogo, alá polo século XIII, pero algúns eruditos sitúano orixinario da carballiñesa aldea de Santa Baia de Banga. E como cando o feito se converte en lenda, e paga a pena fixar a lenda, o prólogo do poemario *Cantigueiro de Orcellón*, da autoría de Manuel María co alcume de E. A. Reque Varela, e do que máis adiante falarei, asegura que “*somentes sendo dalí se poden facer versos así*”:

*Enas verdes ervas
vi andalas cervas
meu amigo.*

*Enos verdes prados
vi os cervos bravos,
meu amigo.*

*E con sabor dellas
lavéi mías garcetas,
meu amigo.*

*E con sabor dellos
lavéi meus cabelos,
meu amigo.*

*Desde los lavéi
douro los liéi,
meu amigo.*

Desde los lavara

*douro las liara
meu amigo.*

*Douro los liéi
a vos asperei
meu amigo.*

*Douro las liara
e vos asperava
meu amigo.*

En todo caso, as Terras do Carballiño están fortemente vinculadas á nosa lingua desde que Pero Meogo, e quizais outros xograres, fixeron dela poesía percorrendo os seus camiños e corredoiras, entre casais e aldeas de pedras centenarias, milenarias.

A Xeración Nós

“País de bocarribeira e de media montaña, a terra do Carballiño, forma un chanzo entre as serras do Testeiro, Foxo do Cabrito e Madanela e o fondo val do Miño; chanzo que se continúa nos chaos de Amoeiro e de San Amaro (...), e que por Cea se pon en contacto co val de Vilamarín.

Invididualiza a rexión (...) a corrente do Arenteiro, río que nace ao pé da serra da Martiñá e que vai por Oseira, Piñor de Cea e Carballiño, seguindo unha dirección nordeste-suroeste, deica entrar por Pazos, no Ribeiro da Avia.

A altitude media deste anaco de val do Arenteiro pasa moi pouco dos 500 metros e o seu relevo presenta abondosidade de monticelos, que ofrecen normalmente os perfís dondos propios das formacións de estratos cristiáns que son as predominantes, non fallando así e todo afloramentos de pedra de gran explotados intensamente polos canteiros.

Sobe a ribeira coas súas viñas e piñeirais, seguindo o curso dalgúns ríos (Arenteiro, Barbantiño, Viñao) deica preto do Carballiño e aínda os castiñeiros invaden os arredores desta vila e parte dos Concellos de Boborás, Cea e O Irixo. O restante do país, máis achegado ás serras limítrofes, ten xa o aspecto típico de media montaña, con escasas coníferas, moitas carballeiras, grandes searas de centeo e farturentos prados e lameiros.

Bisbarra agricolamente rica, hai un dito, Pra carne, pan e viño o Carballiño, que gaba a boa calidade dos seus produtos, mais debe así e todo principalmente a súa prosperidade e o seu incesante progreso, ao espírito mercantil e emprendedor dos habitantes. Peritísimos en toda caste de tratos e cunha antiga tradición comercial, souberon adaptarse perfectamente ás necesidades modernas e facer diñeiro xa nos países de alén mar, xa sen saír do torrón nativo.

No tipo físico destas xentes agudas e arriscadas, nótase, xulgando a cuestión cun criterio impresionista, que abundan máis entre ela do que adoitan abundar noutras partes de Galiza. As pigmentacións morenas, especialmente nas parroquias limítrofes ou próximas ao Ribeiro da Avia, sendo frecuentes sobre todo nas mulleres unha subida cor roxa nas meixelas.

*O carácter dos carballiñeses é alegre e franco. Son simpáticos, xenerosos, gustan de agasallar o forasteiro e teñen grande apego á fala vernácula.”**

Así, coa escrita do seu tempo, introduciron en 1930 as súas impresións sobre o Carballiño e a súa bisbarra, os membros da Xeración Nós, Florentino L. Cuevillas, Vicente Risco o Xaquín Lourenzo cando desde o Seminario de Estudos Galegos promoveron o terceiro fascículo do seu Catálogo dos Castros Galegos dedicado á Terra do Carballiño. Pese aos anos transcorridos, esas letras manteñen en esencia as identidades que fican nesta comarca natural do noroeste ourensán, ao tempo que é tamén o primeiro texto en galego dedicado a ese fin difusor e descritor. Ben é certo que, deixando atrás os tempos medievais, dos que son testemuñas numerosas igrexas, mosteiros e castelos, a Terra do Carballiño mantivo e mantén desde finais do século XIX, un forte vencello coas letras, coas propias, e coas casteláns sentidas en galego.

No prólogo de *Cantigueiro de Orcellón*

Pero antes de deternos na fraga dos escritores, regresemos ao *Cantigueiro de Orcellón* e a seu prólogo de suxestivo título, “Un cantigueiro para arrieiros, tratantes, emigrantes, xentes do camiño, do Carballiño”:

*“Nas chamadas, en tempos medievais, Terras de Castela, na Galiza, polos seus moitos castelos e torres, está Orcellón. Ermidas románicas outeando os ermos dende os castros: Moldes, Astureses, Mesego... á sombra dos castiñeiros que polo Outono deixan madurar os seus ourizos xunto ca apoteose dos ouros na follaxe murcha. Cando xa a uva tinta de Cabanelas nos santuarios das adegas, retablo de pipotes, ferve para ser polos magostos liturxia requilante nas cuncas brancas de louza, manchando o bico entre o rosario e o ollo da perdiz. Eis a Castela medieval, Orcellón esquecido, soamente escrito nos vellos pergameos, cas parroquias de Brués, Cameixa, Campo, Cangues, Cidade, Espiñeira, Froufe, Xendive, Xuencos, Xurenzás, Longoseiro, Loureiro, Moreiras, Mudelos, Ponteveiga, hoxe esmoreados pardiñeiros que foron señorío dos Condes de Monterrei.”**

Emilia Pardo Bazán e *El cisne de Vilamorta*

Foi Emilia Pardo Bazán, con pazo en Santa Baia de Banga e casa grande no Carballiño, quen centrou nestas terras a súa novela *El cisne de Vilamorta* en 1884. Vilamorta, así chamou a marquesa ao Carballiño, aparte do curioso troco de topónimos como *El Borde* para o Ribeiro ou *Avieiro* para mencionar os ríos Avia e Arenteiro... E así describe a vila no seu primeiro capítulo:

“El pueblo estaba, como quien dice, a la vuelta. Blanqueaban, a la luz de la luna, las paredes de sus primeras casas, y los sillares de algunas en construcción, tapias, fuertecillos, cuadros de legumbre, llenaban el espacio vacante entre el pueblo y el pinar. Ensanchábase la senda, desembocando en el camino real, a cuyas orillas copudos castaños proyectaban manchones de sombra. Dormía el pueblo, sin duda, pues ni se divisaban luces ni se oían los rumores y zumbidos que revelan la proximidad de las colmenas humanas. Realmente, Vilamorta es una colmena en miniatura, una villita modesta, cabeza de partido. No obstante, bañada por el resplandor del romántico satélite, no le falta a Vilamorta cierta grandiosidad como de población importante, debida a los nuevos edificios que, con arreglo al orden arquitectónico peculiar de las grilleras, levanta a toda prisa un americano gallego, recién venido con provisión de centenes”.

No resto das páxinas de *El cisne de Vilamorta*, a condesa, desde a súa perspectiva de alta fidalga, fai un preciso relato de como era O Carballiño de finais do XIX, detallando curiosos apuntamentos sobre a actividade social e política dunha vila que consideraba paradigma da vida provinciana galega do interior. Moitos dos edificios recollidos na novela aínda se conservan no Carballiño do século XXI, pese á implacable desfeita urbanística promovida entre finais dos anos sesenta e comezos dos setenta. Desapareceron as dúas boticas coas súas respectivas reboticas nas que se desenvolvían apaixonados parladoiros de tendencias políticas enfrontadas, pero consérvanse os soportais da *“plaza consistorial”*, tamén *“el Ayuntamiento”*, e naturalmente mantéñense as festas patronais e mais as feiras, que dona Emilia pinta cos singulares trazos da súa prosa. Mesmo describe a tradición do globo do Setembro festeiro, pouco a pouco desaparecida. Quen desexe enchouparse do Carballiño do XIX, a condesa é a principal cronista dun tempo ido, pero que aínda se pode revivir en moitas das súas rúas e máis nos seus arredores, sobre todo cara a Banga e o seu pazo, felizmente conservado.

Outros persoeiros das letras. De Antón Losada a Paco Luís Bernárdez

Continuando o percorrido, e sen saírnos da aventura literaria, cómpre indicar que un ano antes da saída de *El cisne de Vilamorta*, nacia no pazo familiar de Moldes, no concello de Boborás, un dos máis venerados mentores do nacionalismo galego, Antón Losada Diéguez, ingresado nas Irmandades da Fala en 1917, e membro pouco despois da Xeración Nós, ao tempo que promotor da revista Nós. Finado en 1929, o seu corpo descansa no outeiro de Moldes, na igrexa románica que restaurou outro ilustre fillo das Terras do Carballiño, o historiador e arqueólogo Manuel Chamoso Lamas, tamén nacido e soterrado en Moldes.

Houbo polo final do XIX e o nacente século seguinte, outros amañadores de letras, sen o lustre dos grandes, pero non por iso a ignorar. Foi o caso do político e avogado Augusto Mosquera, poeta satírico que non puido rematar o seu poemario *Antiguallas*, pero conseguiu estrear no Español de Madrid, a obra *Antes del baile*. Tamén foi poeta de certa sona e dramaturgo, Roxelio Civeira, neste caso coa singularidade de facelo en galego coa obra *A Orfa de San Lourenzo*. A poesía foi eido cultivado polos irmáns Cesáreo e Ramón Pinal, que publicaron en *O tío Marcos da Portela*, ou o frade Juan Prieto Pereira no libro *Colección de poemas religiosos*.

Xa de cheo no século XX, compre lembrar o poeta, ensaísta e emigrante en Bos Aires, Paco Luís Bernárdez, orixinario de Dacón, nos dominios de Maside, de quen se di no mencionado prólogo d'*O Cantigueiro de Orcellón*, que “*dicía do galego, algo así como que era un dos máis fermosos e antigos do extremo meridional de Europa, e sufridor da incomprendible persecución*”.

O patriarca Otero Pedrayo

Tamén fillo ilustre das Terras do Carballiño foi Ramón Otero Pedrayo, en Trasalba, nos chans de Amoeiro. Desde o seu pazo do século XVIII, don Ramón escribiu boa parte da súa grande literatura, e tamén en numerosas ocasións deu fe letrada da súa querenza pola comarca e mais a vila do Arenteiro. Aínda en 1972 escribía o limiar *Dúas verbas devanceiras* para *Poemas e contos da Festa da Mimosa*, no que arredor da flor que “*desabrocha no ermo ou á beira dos camiños, incirrate, sensual, feminina*”, o ilustre patrucio fixaba que

“A vila do Carballiño naceu do folgo e descanso dos camiños da ribeira, da montaña e do mar, cando a eles, ós camiños coma ós homes, lles chega o intre de estimar mellor a lembranza do que a realidade, o maxinar por riba do facer, o abrente aceso en flor riba dos soños que na xeada dos vieiros madrugueiros. E

*na escolma da mimosa quizais teña operado o recordo dos antigos traxinantes sorprendidos polo bico arrecendente da mimosa en calquera revolta do vello camiño aínda invernizo.”**

Miras Azor e o Balneario

Outros persoeiros que nalgún intre das súas vidas escribiron sobre o Carballiño, foron Vicente Risco, Xesús Ferro Couselo, Manuel Chamoso Lamas ou Xaquín Lourenzo Xocas. Tamén se ocuparon da vila escritores locais como Aurelio Miras Azor que en 1950 publicou a novela *El agüista*, trama romántica de amores e desamores, con moito humor e ironía, que transcorre no Carballiño de 1943, con particular protagonismo para o seu Balneario e o auguista que o visita, un home de trinta anos en crise sentimental. Foi unha novela que causou fonda polémica na vila daquela. No capítulo “Carballino”, Miras Azor tira de ironía e di que

“es un pueblo como cualquier otro pueblo gallego, con soportales, guardias de traje azul, el surtidor rojo de gasolina en el cruce de carreteras; ricos y pobres, algún perro callejero, tamboreo de zuecos aldeanos, cafés y barbería en abundancia, un tonto, un jorobado, algún que otro maniático y rótulos anunciadores sobre todas las puertas vidrieras. Sólo le falta, para ser un pueblo ideal, una amplia plaza con fuente de piedra en su centro, vertiendo sus caños ruidosos y limpios.”

No titulado “El balneario”, o autor salienta o que era un dos atractivos da vila, e agora demanda unha forte renovación de servizos e infraestruturas. Escribe:

“...todos los balnearios son iguales: más o menos árboles, viejas solteronas, jamonas a la caza de aventuras, unos cuantos neurasténicos que tienen la cara avinagrada y, finalmente, un pequeñísimo número de enfermos, que buscan el agua, pero necesitan la muerte. Lo esencial en el balneario, sobre todo en el nuestro, no es el agua, sino «el ambiente».”

A feira de Fariña Jamardo

A feira é outro dos sinais de identidade do Carballiño, pois naceu á sombra dunha feira que se mantén no 16 e o último día do mes, agora doutra maneira. Xosé Fariña Jamardo, secretario municipal do concello durante varios anos, escribiu unha *Guía de Carballino*, ademais de dúas novelas costumistas, *A Liña*.

Carballiño-Ribadavia, trinta e oito minutos, e A feira do Carballiño, na que recrea o que era a feira de mediados do século XX. Xa que aínda é posible rastrear os lugares na vila actual, malia os seus cambios urbanos e arquitectónicos, recollemos o seu detallado relatorio:

“A feira do Carballiño é unha, e son moitas: a do gando de todas as clases faise nun anaco de monte preto do balneario e do río Arenteiro; a do grao, ou ben no corazón da vila -na antiga feira- ou en Framia, indo para Arcos e Cea; segundo as circunstancias do tempo e da Fiscalía dispoñan; a dos polos, galiñas e ovos, na parte baixa da Praza maior, á beira do Concello, fronte a alfóndega; a das fabas e o cornello, na rúa Perfectino Viéitez, na metade próxima á Praza, vindo desde a estrada de Ourense, a na outra metade, após da Praza e indo para a rúa do Ribeiro, a feira das teas e da paquetería, cuxos estaribeis non soamente enchen esta rúa senón que a rebordan, posto que dende a Praza e a través da rúa Mosquera van encher tamén enteira a Praza dos Prieto. A feira dos vimbios e das cestas faise na praciña de Retortillo. Na rúa do Carme encóntrase a do unto, touciño, cacheiras e máis carne salgada do porco, e igual que á da manteiga. Na mesma Praza Maior, con ramificacións ás rúas Mosquera e Xosé Antonio, a dos barutos, peneiras, sementes, rosquillas, froita, xoguetes, caramelos, caldeiretas, farois e outros fabricados de folla de lata, e tamén, a feira das cántigas, con ou sen acompañamento de acordeón, adiviñadoras do porvir, produtos máxicos, e a da sorte do paxariño. E no lugar do antigo campo da feira, que agora se nomea Alameda, atópanse os coiros, a ferretería e quincalla, as ferramentas labregas, e as cepas. Moitas e boas cepas do Ribeiro para encher con elas os viñaos da bisbarra.

Na Praza de Abastos e arredores pódense mercar todos os mantementos de mar e de terra e, cando lle chega a tempada, o ceboliño co que se fai a chamada “feira da purreta” que case sempre é unha “feira da puñeta”. Tamén no cruce existe unha lonxa de contratación de xamóns e de cartos, na que se cambian dólares e outras moedas estranxeiras, fóra das normas oficiais ditadas polo Instituto da Moeda Estranxeira.

*E, para rematar, no camiño do balneario faise a feira da pidicha e da esmola, e nela móstranse os tolleitos poñendo diante dos ollos da xente as súas desgrazas, reais ou supostas, ao tempo que as pregoan coas máis tráxicas e repugnantes cores, demandando unha caridade en nome de Deus e da Santísima Virxe e das Abenzoadas Ánimas do Purgatorio.”**

Manuel María e o río Arenteiro

Regresamos ao comezo, ao *Cantigueiro de Orcellón*, de E. A. Reque Varela, nome que agocha ao poeta Manuel María. Editado en 1983, recolle 28 composicións agrupadas en “Orcellón”, “O Carballiño”, “Homaxes” e “Ramo”.

Ao tempo que percorre coas súas letras esta comarca, deténdose en lugares, xentes, festas e costumes, percorre igualmente as rúas e as prazas da vila, nun peculiar roteiro que O Carballiño actual sinala con monólitos que recollen os diferentes poemas alí onde xurdiron.

Pero non se entende O Carballiño sen o río que o atravesa. O mesmo Manuel María lle dedica *Canción do Arenteiro*:

*Arenteiro, humilde e bon,
de augas marmuladoras:
¡non hai en todo Orzellón
unhas aves tan cantoras!*

*Naces moi perto de Oseira,
nos montes de Povadura:
¡e vés bailando a muiñeira
pra escorrentar a tristura!*

*E ó chegar ó Carballiño
algo che doi e te estraña:
¡non atopas xa ó muiño
Que chamaban da Toscaña!*

*Meu Arenteiro fermoso
que vas ó Avia caudal:
¿sínteste moi señoardoso
Lembrando a fonte natal?*

Sobre o río tamén escribe Felipe Senén en *Meu río Arenteiro* (Festas de Setembro, 1989):

*“Os mitólogos din que o topónimo de Arenteiro ven dunha deusa, Arentia, que semella ter que ver coas augas; outros, os que gustan de ennobrece-lo todo, din que deriva de “arxentario”, algo así como de prata... E outros que de area... Sexa o que sexa, ao nome de Arenteiro todo lle aquece, como aos mesmos carballiñeses que somos xente de aguillada e caxata, de feira e romaría, sempre afeitos ao camiño.”**

Graham Greene e Oseira

Rematando xa, aínda que a súa lingua sexa outra, cómpre lembrar o británico Graham Greene que por estas terras puxo remate á súa novela

Monseñor Quijote despois de descubrir nos anos setenta o mosteiro de Oseira, a súa arquitectura, a súa acollidora biblioteca que contribuíu a nutrir e tamén o bo viño do Ribeiro:

*“O gran edificio gris do mosteiro de Oseira álzase case senlleiro nunha depresión dos montes galegos. Unha pequena tenda e un bar na mesma entrada dos terreos da Trapa compoñen todo o pobo de Oseira. O exterior labrado, que data do século XVI, encobre o interior do século XII; unha escalinata impresionante, de quizá vinte metros de ancho, pola que podería desfilar un pelotón, ombreiro con ombreiro, conduce a longos corredores flanqueados de dormitorios para hóspedes sobre o patio central e os claustros. Case o único son que se ouve durante o día é o repique de martelos de media ducia de obreiros que se esforzan en reparar os estragos de sete séculos”***

(Parte do parágrafo que abre o capítulo IV, “De como Monseñor Quixote se reuniu co seu antepasado”).

ROTEIROS

Moito é o que as Terras do Carballiño ofrecen ao forasteiro, sobre todo en canto a patrimonio construído. Son moitas tamén as posibilidades de acceder a esas ofertas a través de guías xa publicadas e mesmo co apoio da Rede. Aquí propomos catro roteiros co ánimo de resultar singulares, pois no caso das Letras e máis da Francesada mesmo carecen de referentes, pero ao tempo só son unha sinxela panorámica que poderá ser completada ao gusto do visitante co apoio doutras fontes.

O das Letras

A través dunha escolma de seis escritores xa mortos, trátase de seguir a súa pegada polas Terras do Carballiño. De orixe, estilo e transcendencia literaria ben diferentes, nas súas páxinas ou no seu pensamento, deron protagonismo ás súas xentes e a súa xeografía. Como é natural, o roteiro gaña en emoción se previamente se coñecen as obras referidas ou se acompañan no paseo.

Emilia Pardo Bazán (1851-1921)

Banda, O Carballiño: recrear o universo de *El cisne de Vilamorta*.

Partindo do pazo de Banga, residencia de verán de Emilia Pardo Bazán, seguiríase a pé ata O Carballiño para deterse na Praza Maior e na chamada Casa dos Quiroga, cos seus soportais, construída en 1856 pola familia do seu home. Desde o seu primeiro andar, a escritora foi testemuña privilexiada da vila que describe como Vilamorta. Nos citados soportais, onde actualmente hai unha tenda de agasallos, situábase unha das boticas das que fala na novela. Ao fondo o edificio do Concello, que tamén cita nas súas páxinas, agora reformado. Máis adiante, seguindo a rúa principal atópase o edificio promovido polo indiano Perfectino Viéitez, ao que fai referencias a escritora, pero sen nomealo.

Antón Losada Diéguez (1884-1929)

Moldes, Boborás. Visita ao seu pazo natal en Moldes e mais a súa campa na igrexa románica de San Mamede, monumento nacional. Erixida no outeiro dun castro, nos séculos XII e XIII, con transición ao gótico. Ten nave única con ábsida rectangular que se abre ao exterior con abondosa decoración. Destaca na súa fachada a cruz dos templarios e algunha inscrición con referencias a seu fundador. Portada de arco de medio punto sobre dúas arquivoltas. O tímpano leva unha cruz na parte baixa e unha imaxe do Apóstolo Santiago vestido de peregrino. Restaurada por Manuel Chamoso Lamas.

Ramón Otero Pedraio (1888-1976)

Trasalba, Amoeiro. Visita ao Pazo-Museo Otero Pedraio, do século XVIII, que fora propiedade do ilustre galeguista e actualmente acolle a súa Fundación.

Aurelio Miras Azor

O Carballiño. Tomando como referencia *El agüista*, paseo polos soportais da Praza Maior e polo Balneario do Carballiño, que apenas cambiou sobre os lugares que recrea a novela.

Graham Greene (1904-1991)

Oseira, San Cristovo de Cea. Visita ao Mosteiro Cisterciense de Oseira, dos séculos XII ao XVIII. O escritor británico procurou pousada entre os seus muros, e está moi vinculado a súa biblioteca do século XVII. O remate da súa novela *Monseñor Quijote* transcorre alí.

Manuel María (1929-2004)

O Carballiño. Seguindo os monólitos instalados por varias rúas da vila, seguir o roteiro dedicado ó escritor e ós seus poemas d'*O cantigueiro de Orcellón*.

O da Arte

Confirmando que Ourense é unha provincia privilexiada en canto a patrimonio histórico construído, nas Terras do Carballiño supéranse as 200 referencias a visitar (máis de 40 pazos e casas grandes, máis de 30 igrexas, case 20 cruceiros de interese, máis de 10 petos de ánimas...), polo que se fai moi enredante argallar unha escolma. Como é natural, dispendo de tempo e coa axuda de guías especializadas, a visita pode enriquecerse a gusto do visitante.

Templo da Vera Cruz

O Carballiño. Obra do arquitecto Antonio Palacios. Construída entre 1943 e 1957, ecléctica, suma de diferentes estilos, con formas neorrománicas, neogóticas e bizantinas que rematan nunha torre de 52 metros de altura, na que se mesturan o expresionismo, simbolismo e historicismo que identifican o seu autor.

Igrexa de Santa Baia de Banga

Banga, O Carballiño. Igrexa románica do século XIV con intervencións do XIX. Destaca pola súa bóveda de cruzaría, con imaxes policromadas, gravados, pinturas, herdados do manierismo italiano do século XVI e feitura de Bartolomé García de Bahamonde, o chamado "pintor de Banga".

Mosteiro de Santa María de Oseira

Oseira, San Cristovo de Cea. Monumento nacional. Fundado no 1137, alcumado *O Escorial de Galicia* polas súas dimensións. Destacan, a igrexa de estilo románico oxival; a fachada do século XVII, e a coñecida como "Escaleira de Honra", de estilo herreriano do XVII. Dos séculos XVI e XVII, e de factura renacentista, son o claustro dos Pináculos e o das Procesións, tamén coñecido como "claustro dos Medallóns" por acoller na parte alta corenta caras de personaxes históricos. Outras estancias son a sala capitular do século XV ou a

biblioteca do século XVII. Destaca igualmente a Virxe do Leite, figura románica do XIII, e tamén as pinturas murais da igrexa monacal.

Igrexa de San Xulián de Astureses

Astureses, Boborás. Monumento nacional. Románico rural, construída na segunda metade do século XII, mentres as súas capelas e a portada son do século XVI. Fundada polos templarios e incorporada á Orde de San Xoán de Malta. Consta dunha soa nave, unha ábsida semicircular e tres vanos encadrados por columnas decoradas que sosteñen arcos de medio punto. O tímpano da portada ten como decoración sobre a clave, unha Cruz Patriarcal nun círculo.

A Cidade de San Cibrán de Lás

San Cibrán de Lás, San Amaro. Coñecida como *A Cidade de San Cibrao de Lás*, antigamente *Lansbricae*, componse de recintos amurallados, dispostos case de xeito concéntrico, cunhas dimensións aproximadas de 294 por 420 metros. A súa descuberta achegou importante información sobre o sistema defensivo dos asentamentos castrexos, así como da súa organización interna, ao revelar unha trama urbana de rúas perimetrais e transversais, con grupos de casas compartindo patio común. Ocupouse entre o século II antes de C. e o II despois de C. Preto de alí atópase o Monte de San Trocado, tamén con restos castrexos. No Museo Arqueolóxico de Ourense atópanse numerosos obxectos de valor atopados en *Lansbricae*.

O da Francesada

Na memoria popular transmitida sobre todo oralmente, pero tamén a través de fontes escritas, hai lembranza da presenza da Francesada napoleónica polas Terras do Carballiño entre xaneiro e xuño de 1809. Por unhas e outras, faise posible unha rota por lugares que coñeceron algún episodio concreto da loita entre os paisanos galegos e máis as tropas ao mando superior dos mariscais Soult e Ney. Ao fío dos meus relatos recollidos en *O sabre do francés*, propomos unha rota inédita que lindará coas Terras do Ribeiro por ser, coas do Carballiño, lugares xenerosos en feitos e incidencias.

Pazos de Arenteiro

Pazos de Arenteiro, Boborás. Cualificado como Conxunto histórico-monumental. Aldea de orixe nobre agrupada arredor da igrexa de San Salvador, que pertenceu á Orde Militar de Malta ata o século XIX. Conserva interesantes partes románicas como a fachada, os canzorros e a ábsida. A carón da ábsida está a casa reitoral, resto do antigo mosteiro. Entre os pazos, salientan o Pazo da Cruz, o Pazo de Arriba, o Pazo de Cervela, o Pazo dos Tizón (barroco do século XVIII), e a Ponte de Pazos de Arenteiro, de orixe románica no século XII con engadidos ata o XVI.

Ponte da Cruz

Pazos de Arenteiro, Boborás. Século XVIII. Antiga ponte de pedra sobre o río Avia. Na súa orixe tivo catro arcadas completas, pero agora atópase en estado ruinoso aínda que consolidado con obras de restauración.

*O 2 de marzo de 1809, os veciños de Pazos e mais os de Cabanelas e a contorna, agardaron na Ponte da Cruz a chegada das tropas francesas acantonadas en Ribadavia e que pretendían pasar cara a Boborás para enfrontarse aos voluntarios do capitán Cachamuña. Como parte da súa estratexia, os paisanos botaron abaixo os beirís da ponte para impedir o paso de tropas, cabalaría e artillaría, coa axuda do propio capitán.**

Mosteiro de San Clodio

San Clodio, Leiro. Fundado no ano 928, polos Condes Don Álvaro e Savita que o cederon aos monxes negros da Orde de San Bieito. Monumento histórico-artístico nacional xunto coa ponte medieval da aldea. Igrexa románica cun vistoso retábulo con fachada barroca exterior. Dous claustros, o oriental é do século XVI mentres o claustro procesional é barroco. Actualmente o mosteiro, despois da súa rehabilitación, converteuse en hotel.

*Un destacamento de tropas francesas tomaron por asalto o mosteiro, guindaron algún dos seus frades, e estableceron alí o seu cuartel xeral durante varios días.**

Igrexa e reitoral de Anllo

Anllo, San Amaro. Igrexa do barroco popular, construída no século XVII. Comunica coa reitoral, do mesmo período, a través dun paso superior arcado.

*Un grupo de soldados franceses, nunha das súas habituais razzias polas contornas onde acampaban á busca de obxectos de valor e de víveres, chegaron á reitoral de Anllo, asaltaron a igrexa e despois a reitoral para mallar ao crego. Alarmados os veciños, enfrontáronse aos asaltantes. Cóntase que fixeron un atado con eles e os guindaron desde unha ponte ao río.**

Boborás

Boborás, Ourense. Esténdese por un territorio de 87 quilómetros cadrados, sen chegar aos 4.000 habitantes. Ao sur as vides mestúranse cos bosques, mentres no centro predominan as praderías. Polo norte recibe as augas do Arenteiro e polo sur as do Cartelle e o Avia.

*O chamado xeneral Cachamuíña, acampou en Boborás desde onde estaba a organizar un pequeno exército para enfrontarse aos franceses de Soult, mentres fustrigaba a súas tropas coas tácticas da guerrilla. O seu cuartel xeral en Boborás foi obxectivo nunca logrado polos franceses.**

Señorín do Carballiño

Señorín, O Carballiño. Separada do Carballiño a través do regato do Carrás, sitúase aí a orixe da propia vila que medraría a través da barriada de Flores. Ata a creación da parroquia do Carballiño a finais do século XIX, a súa igrexa, construída na segunda metade do século XVIII xunto coa súa reitoral, foi a antiga igrexa parroquial.

O crego do Carballiño agachou un francés na igrexa de Señorín, despois de atopalo no monte e padecer o ataque duns paisanos. Despois de varios días, soubo que os franceses retirábanse por Maside, vestiuno con roupas de civil, foi ao encontro das tropas, e devolveullo ao xeneral ao mando, quen sorprendido e agradecido polo xesto, mandou que se entregaran ao crego 100 moedas de ouro, que este rexeitou.

A dos Arrieiros

A “rota dos arrieiros” foi un camiño medieval activado desde o século XIV polo interese dos primeiros mosteiros cistercienses da comarca do Ribeiro en comerciar co viño, moi demandado desde Inglaterra, Portugal, Francia ou os Países Baixos. A rota, aberta entre o interior e as Rías Baixas para poder exportar os caldos desde os portos de Pontevedra, Marín, Cambados e Vilagarcía de Arousa, consolidou o comercio e ó mesmo tempo o oficio do arrieiro, que se afianzaría na comarca durante séculos. Esa rota, que enlazaba as

terras vitícolas do Ribeiro coas terras do pan do Carballiño, pasaría a ser camiño real con todos os privilexios, tanto na súa conservación como na salvagarda dos seus usuarios. Durante os séculos XV e XVI estará considerada entre as máis importantes de Europa no comercio de viños. O peche dos mercados ingleses e portugueses durante o século XVII provocou que se cambiara cara a mercados interiores do país, aínda que conservando o trazado inicial.

Así se recolle no *Códice Calixtino* cando cita Santiago de Compostela como o centro do comercio do viño en detrimento das Rías Baixas, que agora só exportan a Francia e Países Baixos. A consecuencia dese comercio será o nacemento de vilas como a do Carballiño, dentro dos dominios do Mosteiro de Oseira, que compartía protagonismo nese tempo co Mosteiro de San Clodio, tamén Melón e finalmente San Martiño Pinario. Pazos, casas grandes, pousadas, cruceiros, muíños de auga, fontes, igrexas, capelas, petos das ánimas e outras construcións, singularizaron o “rota dos arrieiros” que ó tempo xeraron numerosos oficios á parte do de arrieiro, tales como colleiteiros, feirantes, pousadeiros, carpinteiros, ferreiros, e tantos outros que deron prosperidade a toda a comarca. Finalmente, desde o remate do XVII a rota ficaría abandonada, pero non por iso deixou de ser utilizada, entre outros pola resistencia galega e tamén polas tropas inglesas para encarar os invasores franceses na guerra contra Napoleón de comezos do XIX. Escribe Felipe Senén,

*“A historia do Carballiño, dun pasado que é recente, está vencellada ás panadeiras de Cea, ás pulpeiras de Arcos, a cordaneiros, arrieiros, tratantes e feirantes, compañeiros do camiño na noite, e acougaban no serán soamente unhas poucas horas... Daqueles devanceiros ficaron entre nós os camiños tripados polos seus pés, polas ferraduras das bestas, vieiros que se dicían foran trotados inicialmente polos burros, levábanos con eles, e para a volta aqueles dóciles animais deixábanse vir sós, seguidos, observábase que ían polo lugar máis cómodo e máis curto (...). Fican tamén entre nós as fontes nos camiños, perdidas e atoadas, ficou tamén esa arquitectura sinxela, sen pretensións, feita de cachote e moitas veces de madeira, aínda hai mostras no barrio de Flores, baixando, camiño antigo que levaba a Señorín, esa parroquia que figura sempre na nosa identidade do ser e o non ser, porque até entón o lugar do Carballiño non era máis que unha encrucillada, campo de encontro dos camiños que levaban a Oseira, ao Ribeiro, ao mar de Pontevedra”. (Festas do Setembro, 1993).**

Trazado da rota

Transcorre por terras de bocarribeira, podendo iniciarse na igrexa románica de Mesego, na aldea de O Penedo, na granxa beneditina de Partovia, na aldea da Seara, A Fraga e O Penedo na parroquia de Sagra, ou no pazo de Banga, onde

descansaba polos veráns Emilia Pardo Bazán. Todos os accesos conflúen na rota principal que percorría o fondo do val, acompañando o discorrer do río Barón polas aldeas de Fonteantiga, O Barón e pequenos casais (A Veiga, As Adegas, Grobas) e paraxes de grande interese xeolóxico e paisaxístico.

*Textos adaptados á normativa vixente.

**Textos traducidos para esta edición.

BIBLIOGRAFÍA

- A FEIRA DO CARBALLIÑO. Xosé Fariña Jamardo. Vigo, 1981.
- A LIÑA CARBALLIÑO-RIBADAVIA, TRINTA E OITO MINUTOS. Xosé Fariña Jamardo. Deputación Provincial de Ourense. Vigo, 1980.
- EL AGÜISTA. Aurelio Miras Azor. Afrodísio Aguado. Madrid, 1950.
- ASTURESES, UN PASEO POLA HISTORIA. Xosé Luis Sobrado Pérez. Comisión Parroquial da Saleta. Boborás, 2001.
- CANTIGUEIRO DE ORCELLÓN. E.A. Reque Varela (Manuel María). Avantar. O Carballiño, 1984.
- CATÁLOGO DOS CASTROS GALEGOS. Terra do Carballiño. Fascículo III. Seminario de Estudos Galegos. A Coruña, 1930.
- FESTAS DO SETEMBRO, 1989. Programa.
- FESTAS DO SETEMBRO, 1993. Programa.
- O SABRE DO FRANCÉS. Miguel Anxo Fernández. Galaxia. Vigo, 2002.
- OBRAS COMPLETAS. Tomo II. Emilia Pardo Bazán. Ed. Aguilar. Madrid, 1973.
- EL PINTOR DE BANGA. José Manuel García Iglesias. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña, 1984.
- PINTURAS MURALES. MONASTERIO DE SANTA MARÍA DE OSEIRA. Juan M. Monterroso Montero. Deputación de Ourense, 2000.
- POEMAS E CONTOS DA FESTA DA MIMOSA. Casino do Carballiño. O Carballiño, 1972.
- SANTUARIO DE LA VERACRUZ DE SAN CIBRÁN DEL CARBALLINO. Adolfo Otero Cerdeira. Xunta de Galicia, 2003.